





G.C.S.U.S.
Grupo de Creación Sonora
da Universidade de Santiago



— colaboran —



LUGO CULTURAL



11SONSCREATIVOS
Arte sonora e electroacústica

**PROGRAMA
4 MAIO**

Casa do saber ás 20:30 h
Praza Pío XII, nº 3, 27001 Lugo

Entrada gratuíta ata
completar aforo

CREACIÓNS SONORAS:
**UNIVERSIDAD POLITÈCNICA
DE VALÈNCIA (BLOQUE II)**

EN DIRECTO: **MÓNICA
ÁLVAREZ E SUSAN DRONE**



www.lugocultural.gal

PROGRAMA DOCICLO

**DOMINGO
5 DE MAIO**

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:

Universidad Politécnica
de Valencia (Bloque III)

CONCERTOS en directo:

ATILIO DORESTE e A.A.V.V

**SÁBADO
4 DE MAIO**

Casa do Saber ás 20.30 h

CREACIÓNS SONORAS:

Universidad Politécnica
de Valencia (Bloque II)

CONCERTOS en directo:

MÓNICA ÁLVAREZ e
SUSAN DRONE

+ info e matrícula nos obradoiros en:
sonscreativos.weebly.com

Oficina de Cultura
Sita no Vicerreitorado de Coordinación Campus Lugo

982 821 513
cultura.lugo@usc.es

11SONSCREATIVOS

Os 11º Sons Creativos traen de novo á vida cultural de Lugo un aspecto da música pouco habitual na programación: o mundo da música electroacústica e da arte sonora, baixo a dirección de Inmaculada Cárdenas, e contando coa colaboración, como codirector, do artista sonoro e compositor Xoán-Xil López.

As propostas electroacústicas e de arte sonora deberían de ampliar a súa marxe de difusión e a Área de Cultura da USC a través desta plataforma quere colaborar a que isto sexa unha realidade. Continuando coa liña marcada nas pasadas edicións, estes SONS CREATIVOS proxéctanse co obxectivo de impulsar o diálogo entre propostas da escena local e internacional e a colaboración con outras institucións (universidades, fundacións, etc.) que dedican un importante esforzo ao apoio da creación sonora contemporánea.

Nesta ocasión contaremos coa presenza dos artistas e compositores ATILIO DORESTE, DAVID STEVENS, MATEO MENA, RAMÓN SOUTO, SIMON DESORGHET e SUSAN DRONE. Ademais INMACULADA CÁRDENAS, EFRAIM DÍAZ e MÓNICA ÁLVAREZ, membros do GCSUS, presentaran algúns dos seus recentes traballos.

Este ano tamén contamos coa inestimable colaboración da AMEE (Asociación de Música Electroacústica de España), a través dunha dobre convocatoria de concertos, e da Universidade Politécnica de Valencia un centro de referencia cunha ampla traxectoria tanto na creación como na educación arredor da arte sonora. Miguel Molina preparou unha selección de traballos tanto individuais como colectivos que amosan a amplitude dos postulados cos que se pode enfocar este ámbito artístico.

11SONSCREATIVOS
Arte sonora e electroacústica

CREACIÓN SONORAS

OBRAS DA UPV (Bloque II)

Mostra de Arte Sonora.
Máster AVM 2018-19

Autores: Fernando Asensio, Estela Barceló, Beste Burcu Bayhan, Sergio Cabrera, Chloé Cammeo, José Luis Cuenca, Estefanía Díaz, Alejandra Florez, Silvia García, Alejandro Harris, Kira Huth, Valentina Jiménez, Charline Lerinckx, Alessia Maddalena, Noelia Medina, Ivan Muzalov, Laura Ojeda, Denisse Palma, Martina Pandolfo e Jordi Sos.

Amósanse os resultados dun proxecto persoal de arte sonora aplicado ás liñas de investigación creativa persoal dos estudantes da materia Arte Sonora do Máster de Artes Visuais e Multimedia (AVM) da Facultade

de Belas Artes da Universitat Politècnica de València, dentro do curso 2018-19. Os resultados mostráronse publicamente como mostra de arte sonora no espazo "La otra cantinela" de Valencia, o 11 de xaneiro de 2019. Mostra coordinada polos profesores da materia: Carlos García Miragall, Stefano Scarani e Miguel Molina-Alarcón da Universitat Politècnica de València. Os temas abordados van desde a cor do son a través da aleatoriedade de altos falantes vibrando, ata a gravación de sons baixo terra en localizacións de fosas sen exhumar da Guerra Civil española interactuando en directo con sons de obxectos de transformación máterica deses corpos (terra, ósos, flores...).

CONCERTOS EN DIRECTO

MÓNICA ÁLVAREZ

BIOGRAFÍA: Estudou canto lírico no Conservatorio Profesional de Música de Ourense. Realizou cursos de canto lírico con Manuel Avendaño, Miguel Zanetti, J. Antonio Campo, entre outros, e cursos de pedagogía de creación musical con François Delalande; de música experimental con Eduardo Polonio; de canto contemporáneo con Esperanza Abad e Fátima Miranda; e de canto difónico con Thomas Clements. É membro do GCSUS dende a súa creación no ano 1996. Nel encargouse entre os anos 2002 e 2010 da formación dos alumnos da Sección Vocal, ademais de participar como solista e compositora.

As obras do GCSUS foron programadas en eventos como o Festival Internacional de Música da Habana, o Festival de Electroacústica de Bourges ou o Punto de Encuentro, e emitidos en medios como Radio Nacional de España (Radio Clásica).

Dende o ano 2001 ata o 2008 foi profesora de canto moderno da Escola de Música Bieito Blanco de Ourense. No seu labor como docente ten compostas obras con

alumnos de infantil e primaria, como é o caso de *Filigranas escolares*, emitida no programa La Casa del Sonido de Radio Clásica (RNE), dirixido por José Luis Carles.

OBRA: *Path to Freedom* (estrea) Esta obra xorde da necesidade de expresar, por parte da autora, unha dura realidade patente na nosa sociedade como é o maltrato (actitude que, segundo esta pedagoga, poderíase evitar na maioría dos casos, se en moitas das familias e escolas se traballara máis a educación en igualdade, o respecto, a empatía, etc.)

Consta de tres partes, na primeira das cales se vai pasando do amor incondicional, á dependencia e á submisión cun claro dominio da persoa maltratadora. Na segunda parte o medo, a tristeza, a dor e a rabia mestúranse cun sentimento de culpabilidade provocado por unha baixa autoestima; e na terceira comeza unha loita por saír desas cadeas e conclúe na liberdade.

Mónica Álvarez (voz)
Adriana Ramos (piano, voz e danza)
Efraím Díaz (percusión)

SUSAN DRONE

BIOGRAFÍA: Susana Drone (Murcia) é compositora experimental con Máster en Composición Electroacústica. Desde os seus inicios traballa co son e coa luz, explorando o xeito en que estes materiais intanxibles poden actuar como catalizadores, enfocando a nosa conciencia e alterando a nosa percepción. As súas composicións experimentais están realizadas a partir de gravacións de campo que transforma e combina con sons electrónicos nun intento de crear estados hipnagóxicos.

Desde 2010, encárgase da catalogación e dixitalización sonora de SONM, a Fonoteca de Música Experimental y Arte Sonoro do Centro Puertas de Castilla, Murcia, creada por Francisco López en 2009. En 2013 deseñou e desenvolveu o proxecto Artistas Sonoros Españoles, unha plataforma

en liña con recursos sonoros e gráficos de máis de 300 artistas.

OBRA: *Autumn Equinox*

Concerto de son e luz que propón un achegamento á cuestión de como certos materiais intanxibles poden actuar como catalizadores que afecten á nosa conciencia e alteren a nosa percepción. Con este propósito, a dimensión sonora constitúese de composicións electroacústicas e gravacións de campo transformadas e combinadas con sons electrónicos en directo. A dimensión visual realízase así mesmo a partir de gravacións de campo transformadas e combinadas.

LIGAZÓN:

susannalopez.com
susanloop.bandcamp.com
<https://www.youtube.com/watch?v=Y2lEpYzMMXs>

11SONSCREATIVOS
Arte sonora e electroacústica